

Convenio de cesión gratuita de terreos

En Vilagarcía de Arousa a 22 de outubro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte

Don JULIÁN ABUÍN FONTENLA, na súa condición de presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Pedro de Cea (CIF V36156214), con domicilio na Rúa do Embalse – Castroagudín, 1, Cea.

Doutra parte

D Alberto Varela Paz, con DNI: 35.461.107-Y, actuando en representación do Concello de Vilagarcía de Arousa, con domicilio en Pza. Ravella, S/n, Vilagarcía de Arousa

Ámbolos dous recoñécense capacidade para o outorgamento do presente convenio e


EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Pedro de Cea é propietaria da seguinte parcela:


“VENTO.- ubicada no lugar do mesmo nome, parroquia de San Pedro de Cea, Vilagarcía de Arousa, de 3,26 áreas de cabida lindando o sur co estrada e a leste e poñente co camiños; o norte acaba en punta. Corresponde se coa parcela catastral 1659101NH2115N0001GK

SEGUNDO.- Que a Asemblea da Xunta Reitora de 4 de outubro de 2018 acordou, por unanimidade, ceder ao Concello de Vilagarcía de Arousa a parcela identificada no expositivo PRIMEIRO anterior. Achégase Acta da referida Asemblea como Anexo nº. 1

TERCEIRO.- Que o Concello de Vilagarcía de Arousa está interesado en obter a cesión das referidas parcelas, cesión que se somete ao seguinte



CONDICIONADO



1.- OBXECTO DA CESIÓN

Por medio do presente convenio, a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Pedro de Cea cede por tempo indefinido ao Concello de Vilagarcía, que o acepta, a seguinte parcela:

“VENTO.- ubicada no lugar do mesmo nome, parroquia de San Pedro de Cea, Vilagarcía de Arousa, de 3,26 áreas de cabida lindando o sur co estrada e a leste e poñente co camiños; o norte acaba en punta. Corresponde se coa la parcela catastral 1659101NH2115N0001GK

A cesión faise co alcance e a extensión máximas permitidas polo artigo 5 da Lei 13/1989 de Montes Veciñais en Man Común de Galicia e o artigo 5 do D 260/1992 de 4 Sep. CA Galicia (Regulamento da Lei 13/1989).

2.- DURACIÓN

A duración da cesión será indefinida, de conformidade co previsto no artigo 5 da Lei de Montes Veciñais en Man Común de Galicia de 1989, sempre e cando se manteña a finalidade para a que se fixo a presente cesión.

No caso de finalización da cesión por cambio de uso das parcelas, as mesmas reverterán á Comunidade de Montes con tódalas súas construcións e equipamentos sen que a Comunidade deba abonar, por ese motivo, cantidade algunha ao Concello.

3.- CONDICIÓNS APLICABLES Á PARCELA

O terreo será destinado a ampliación de camiños, facendo mais sinxela a saída á vía principal, mudando de lugar a marquesiña do bus escolar e trasladándoa a un emprazamento máis seguro para os escolares que fan uso do dito bus escolar.

4.- EXENCIÓN DE ABONO DO IBI

Durante toda a duración da cesión, a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Pedro de Cea, unha vez realizado o cambio de titularidade da parcela no Catastro a

favor do Concello deixará de aboar o imposto sobre bens inmobles (IBI) ou calquera outro imposto ou taxa municipal de base territorial que grave as parcelas obxecto da cesión.

O incumprimento do establecido nesta cláusula será motivo suficiente para dar por resolto o presente convenio.

5.- RESPONSABILIDADE

O Concello farase responsable de indemnizar ou reparar calquera dano causado a terceiros durante a execución das obras previstas no presente convenio, así coma os danos que poidan derivar do uso das obras ou instalacións que sobre as parcelas realice o Concello, deixando indemne á Comunidade fronte ás reclamacións que calquera terceiro puidera realizar en relación ás obras ou instalacións descritas.

O que se firma, por duplicado e en proba de conformidade

En Vilagarcía de Arousa a 22 de outubro de 2018.



Juliana

